



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais
Agosto 2021

PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	206.757	1,0%	471.003	6,4%	2,28	6,5%	78,52%	4,51
PENSIÓNS	80.364	20,1%	140.351	8,0%	1,75	-4,6%	53,37%	1,95
ESTAB. HOTELEIROS	287.121	5,7%	611.354	6,7%	2,13	0,9%	70,88%	3,66
APTOS. TURÍSTICOS	10.085	6,8%	39.468	12,1%	3,91	5,0%	58,60%	-5,17
CAMPINGS	41.518	20,9%	150.907	7,1%	3,63	-11,4%	42,19%	2,16
TURISMO RURAL	12.556	-13,8%	30.250	-16,5%	2,41	-3,1%	56,21%	-6,82
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	64.159	10,0%	220.625	3,9%	3,44	-5,5%	-	-
TOTAL	351.280	6,5%	831.979	6,0%	2,37	-0,5%	-	-

- O comportamento da demanda turística na provincia de A Coruña segue o patrón xeral da comunidade. Neste mes de agosto consolídase a recuperación cun nivel de demanda moi superior ao rexistrado no pasado ano –o incremento supera o 75% interanual- e, por vez primeira desde o inicio da crise, tamén superior ao rexistrado en 2019 –un 6,0% por encima do valor de agosto daquel ano-. Con máis de 351 mil viaxeiros aloxados e preto de 832 mil noites A Coruña acada niveis históricos de demanda.
- Co 37% do total da comunidade é a segunda provincia de maior peso en Galicia, por detrás de Pontevedra.
- O impacto da pandemia e o nivel de recuperación é bastante homoxéneo entre as distintas tipoloxías de aloxamento. Todas elas superan con creces as cifras do pasado ano e tamén de forma maioritaria os niveis de 2019. Así acontece no ámbito hoteleiro –cunha suba do 6,4% nos hoteis e do 8,0% nas pensións-, nos apartamentos turísticos –cun incremento do 12,1%- e nos cámpings –do 7,1% neste caso-. O segmento de turismo rural é o único que se mantén por debaixo dos niveis previos á pandemia –achégase ao 85% do número de noites de agosto de 2019-. Ao bo comportamento que viñan rexistrando nos últimos meses os apartamentos turísticos e os cámpings engádesse agora neste mes o segmento hoteleiro, rexistrando os hoteis e pensións de A Coruña un dos mellores comportamentos en toda Galicia.
- O 74% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 57% nos hoteis e un 17% nas pensións-. O 26% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 5%-, os cámpings –co 18%- e os establecementos de turismo rural –co 3% neste caso-. Esta distribución aseméllase ao observado en xullo e cambia respecto do rexistrado en meses anteriores por mor do auxe dos cámpings, modalidade que ten unha notable presenza no verán –de feito é a segunda tipoloxía con maior volume de pernoctacións- e apenas rexistra niveis de demanda en temporada baixa.

- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Todos superan os niveis do pasado ano mais presentan unha dinámica diferente en relación ao 2019. Neste sentido obsérvase mellor comportamento do lado do turismo nacional, con incrementos do 30,5% no turismo interno –dos residentes en Galicia- e do 22,2% no receptor nacional –aquele que procede do conxunto do Estado-. O mercado internacional segue en cifras negativas, situándose no 52% da demanda rexistrada antes da pandemia.
- A Coruña é a única provincia de Galicia con comportamento positivo do turismo interno no sentido de que supera, agora en agosto, os niveis previos á pandemia.
- O segmento receptor nacional lidera o mercado turístico hoteleiro en A Coruña, absorbindo o 75% do total da demanda da provincia –porcentaxe nunca antes vista-. Significa isto que tres de cada catro noites hoteleiras corresponden a viaxeiros procedentes do resto do Estado.
- Con preto de 2,4 noites de media a provincia de A Coruña marca neste mes a segunda cifra de estadía máis alta de Galicia. Mantense en niveis semellantes aos de 2019.
- Os apartamentos turísticos –con 3,9 noites de media- e os cámpings –con 3,6 noites- rexistran a estadía media máis elevada de toda a oferta de aloxamento. Nos hoteis e nos establecementos de turismo rural a cifra supera as dúas noites –con 2,3 noites nos primeiros e 2,4 noites nos segundos- mentres que as pensións marcan o dato máis baixo –con 1,75 noites de media neste caso-.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución lixeiramente parella ao lado da demanda. Todas as tipoloxías melloran as cifras do pasado ano 2020 –de forma destacada os hoteis cun incremento de máis de 35 puntos- mais só tres delas superan tamén o dato de agosto de 2019 –en 4,5 puntos os hoteis, en no contorno dos dous puntos as pensións e os cámpings-. Os apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural fican aínda con niveis de ocupación inferiores aos de 2019, en pouco máis de cinco puntos os primeiros –por mor dun incremento máis intenso da oferta en relación á demanda- e en case sete puntos os segundos –por unha recuperación menor da demanda-.
- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 78,5% de media. No lado contrario a porcentaxe máis baixa cae do lado dos cámpings, cun 42,2% de media.

PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	69.956	8,3%	139.725	7,2%	2,00	-1,0%	73,84%	2,93
PENSIÓNS	31.861	-13,2%	50.668	-12,3%	1,59	0,9%	48,68%	1,71
ESTAB. HOTELEIROS	101.817	0,5%	190.393	1,2%	1,87	0,7%	64,81%	3,59
APTOS. TURÍSTICOS	8.708	21,4%	31.491	50,7%	3,62	24,2%	62,34%	1,90
TURISMO RURAL	11.894	-2,0%	26.341	-5,6%	2,21	-3,7%	50,03%	2,91
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	20.602	6,7%	57.832	18,5%	2,81	11,1%	-	-
TOTAL	122.419	1,5%	248.225	4,8%	2,03	3,2%	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e cámpings.
- En Lugo rexístranse neste segundo mes do verán máis de 122 mil viaxeiros aloxados e de 248 mil pernactacións no conxunto da oferta regrada, cifras que superan notablemente os datos do pasado ano e tamén os valores previos á pandemia. Neste sentido, en comparación cos datos de 2019 apréciase un leve incremento da cifra de viaxeiros –do 1,5%- así como do número de noites –do 4,8% neste caso-. O nivel de recuperación é pleno neste caso, acadando incluso máximos históricos de demanda nalgúns segmentos como o hoteleiro ou os apartamentos turísticos.
- O comportamento da demanda varía nas diferentes modalidades de aloxamento. Neste sentido todas superan os niveis de demanda do pasado ano –de forma máis acusada as pensións que dobran os valores de agosto de 2020- pero presentan unha dinámica dispar en relación ao 2019. Os hoteis e os apartamentos turísticos superan as cifras previas á pandemia –nun 7% os primeiros e nun 51% os segundos- mentres que as pensións e os establecementos de turismo rural mantéñense por debaixo dos valores de 2019. O grao de recuperación das primeiras aproxímase ao 90% e dos segundos achégase ao 95%.
- Mantense a grandes trazos a dinámica observada no pasado mes de xullo, con pequenas variacións de intensidade. Marca a excepción os apartamentos turísticos que superan en máis do 50% o nivel de demanda previo á pandemia.
- O 76% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 56% nos hoteis e un 20% nas pensións-. O 24% restante concéntrase basicamente nos apartamentos turísticos –co 13%- quedando cun menor peso os establecementos de turismo rural –representan o 11% neste caso-. Esta distribución aseméllase en grande medida á observada no pasado mes de xullo.

- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes disparidade de comportamento dos tres grandes segmentos da demanda. O mercado receptor nacional é o único que amosa unha dinámica positiva, superando non só o nivel do pasado ano senón tamén o de 2019 –nun 20% o volume de noites-. O turismo interno e o internacional fican, en cambio, por debaixo dos valores previos á pandemia con niveis de recuperación próximos ao 90% o primeiro e do 42% este último.
- Esta dinámica é parella á observada no pasado mes de xullo mais contrasta co observado en meses anteriores cando xustamente o turismo interno presentaba sempre mellor comportamento en termos relativos, e o receptor nacional mantíñase con leves síntomas de recuperación. A pauta de comportamento do verán non afecta ao segmento internacional que se mantén aínda lonxe dos niveis previos á pandemia.
- Co 73% da demanda o segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional. A súa importancia no verán é moi notoria pois practicamente tres de cada catro noites corresponden a este segmento. O mercado interno absorbe o 21% mentres que o internacional apenas chega ao 6% do total da demanda hoteleira.
- A estadía media en Lugo descende en relación ao pasado ano –nun 4,6%- mais supera o valor de 2019 –nun 3,2% neste caso-, situándose en dúas noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.
- Con 3,6 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta regrada. Marcan distancia respecto das restantes tres modalidades que se sitúan en 2,2 noites nos establecementos de turismo rural, en dúas noites nos hoteis e por debaixo das dúas noites nas pensións.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento positivo xeneralizado. Así, sobe e mellora en todas as modalidades de aloxamento non só en relación ao pasado ano –o incremento supera os 20 puntos nos hoteis e pensións- senón tamén en comparación co 2019. As melloras achéganse aos tres puntos porcentuais nos hoteis e nos establecementos de turismo rural e aproxímanse aos dous puntos nas pensións e apartamentos turísticos. As variacións na oferta levan a que nalgúns segmentos, a pesar de non acadar os niveis de demanda de 2019, si poidan superar as porcentaxes de ocupación.
- Os hoteis marcan a porcentaxe de ocupación máis alta da oferta regrada cun 73,8% neste mes. No lado contrario a cifra máis baixa queda nas pensións, cun 48,7% de ocupación media en agosto.

PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	36.303	-0,7%	73.210	-2,4%	2,02	-1,8%	57,48%	1,23
PENSIÓNS	9.077	6,9%	17.767	3,6%	1,96	-3,1%	34,72%	7,48
ESTAB. HOTELEIROS	45.379	0,8%	90.976	-1,3%	2,00	-2,1%	50,91%	4,02
APTOS. TURÍSTICOS	1.013	-8,8%	3.883	-10,7%	3,83	-2,0%	37,44%	3,09
TURISMO RURAL	6.751	9,9%	16.280	18,4%	2,41	7,7%	52,55%	7,60
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	7.764	7,0%	20.163	11,4%	2,60	4,1%	-	-
TOTAL	53.143	1,6%	111.139	0,8%	2,09	-0,8%	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e cámpings.
- Ourense segue un pouco o mesmo patrón de comportamento que A Coruña e Lugo. Neste segundo mes do verán supera de forma notable o nivel de demanda do pasado ano –nun 36% o volume de noites- e tamén, aínda que de forma menos intensa, os niveis previos á pandemia –neste caso supera nun 1,6% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 0,8% o número de noites de agosto de 2019-. A recuperación da demanda é plena tamén en Ourense, mellorando o comportamento observado nos meses anteriores.
- A pesar de rexistrar unha dinámica parella ás restantes provincias Ourense presenta matices diferentes. Neste sentido, por exemplo, obsérvase disparidade de comportamento nas diferentes tipoloxías en relación aos niveis previos á pandemia. As pensións e os establecementos de turismo rural conseguen superar as cifras de agosto de 2019 –nun 3,6% as primeiras e nun 18,4% estes últimos- mentres que os hoteis e os apartamentos turísticos fican por debaixo dos valores dese ano –aínda que cun nivel de recuperación moi notable, do 98% os primeiros e do 90% os segundos-.
- A diferenza de Ourense respecto das restantes tres provincias radica no comportamento do segmento non hoteleiro. Neste sentido os apartamentos turísticos fican por debaixo dos niveis de 2019 –a certa distancia ademais- e, en cambio, os establecementos de turismo rural marcan aquí cifras moi positivas superando os datos previos á pandemia. Isto non acontece no resto da comunidade.
- Con máis de 53 mil viaxeiros aloxados e de 111 mil noites Ourense absorbe neste mes o 5,0% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso no mes de maior afluencia en todo o ano.

- En Ourense o 82% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 66% nos hoteis e un 16% nas pensións-. O 18% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun maior peso para os aloxamentos de turismo rural –co 15%- e menos para os apartamentos turísticos –con apenas o 3% neste caso-. Obsérvase aquí tamén unha diferenza respecto das outras provincias: o notable peso do segmento de turismo rural en comparación, por exemplo, cos apartamentos turísticos.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado, cun patrón semellante ao observado en Lugo. Os tres grandes segmentos superan os niveis de demanda do pasado ano pero soamente o turismo receptor nacional consegue superar tamén os niveis previos á crise –nun 9,5% no relativo ao volume de noites-. O mercado interno sitúase moi próximo ao nivel de demanda rexistrado en 2019 mentres que o internacional sitúase aínda lonxe dos valores previos á pandemia –no contorno do 55% da demanda daquel ano-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado receptor nacional –absorbe o 61% do total das noites hoteleiras da provincia-. O mercado interno ten tamén un peso importante, superior ao observado nas restantes tres provincias –absorbe neste caso o 32% do total das noites-. O internacional ten un peso moi baixo, o 7% do total.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento algo diferente ao da demanda. Neste sentido todas as modalidades superan as porcentaxes do pasado ano e tamén as de 2019 –nuns casos por melloras notables da demanda e noutros por axustes da oferta-. Os incrementos superan os sete puntos porcentuais nas pensións e no segmento de turismo rural, fican nos tres puntos nos apartamentos turísticos e sitúase en pouco máis dun punto nos hoteis.
- Confírmase tamén desde o lado da ocupación o bo comportamento do segmento de turismo rural na provincia de Ourense neste mes de agosto, superando nun 18% o nivel de demanda de 2019 e en case oito puntos a porcentaxe de ocupación daquel ano.
- Cun 57,5% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta regrada na provincia de Ourense. Marcan tamén unha porcentaxe importante os establecementos de turismo rural, cun 52,5% neste caso.
- A estadia media descende en relación ao pasado ano –nun 2,7%- mais fica parella á cifra de 2019. Con 2,1 noites rexistra a segunda cifra máis baixa das provincias galegas, por detrás de Lugo.
- Con 3,8 noites de media os apartamentos turísticos marcan a cifra máis alta dentro da provincia. Os establecementos de turismo rural marcan a segunda cifra máis alta neste mes, con 2,4 noites –circunstancia tamén atípica no contexto galego-, os hoteis fican nas dúas noites mentres que as pensións rexistran o dato máis baixo con preto de dúas noites neste caso.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	199.525	-4,4%	591.388	-6,4%	2,96	-2,1%	76,89%	-0,86
PENSIÓNS	36.521	6,7%	86.115	12,0%	2,36	5,0%	58,58%	5,36
ESTAB. HOTELEIROS	236.046	-2,8%	677.503	-4,4%	2,87	-1,6%	73,90%	-0,04
APTOS. TURÍSTICOS	12.752	13,1%	74.816	7,7%	5,87	-4,7%	56,40%	-4,10
CÁMPINGS	67.125	2,8%	248.811	-1,1%	3,71	-3,8%	50,02%	0,23
TURISMO RURAL	10.093	-10,1%	30.573	-11,8%	3,03	-1,8%	51,72%	-5,54
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	89.970	2,5%	354.200	-0,4%	3,94	-2,8%	-	-
TOTAL	326.016	-1,4%	1.031.703	-3,0%	3,16	-1,6%	-	-


- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra difire do observado nas restantes tres provincias. Aínda que tamén supera, con creces, os niveis do pasado ano –nun 46% o volume de noites- fica por debaixo dos valores previos á pandemia –nun sentido moi estrito porque con perspectiva global case pode falarse de recuperación plena-. O nivel de demanda deste mes de agosto fica no 97% do volume de noites rexistrado en 2019.
- Esta dinámica non afecta por igual a todas as modalidades de aloxamento. Neste sentido, dentro dunha tónica global positiva os niveis de recuperación difiren entre as tipoloxías consideradas. Así, dúas modalidades conseguen superar os niveis de demanda de 2019 –nun 12% as pensións e nun 8% os apartamentos turísticos-, unha delas mantense en valores parellos –os cámpings- mentres que as dúas restantes fican aínda por debaixo dos valores previos á pandemia –os hoteis e os establecementos de turismo rural-. O grao de recuperación dos primeiros sitúase no 94% e dos segundos no 88%.
- En termos absolutos Pontevedra gaña neste ano máis de 325 mil novas pernoctacións en relación ao pasado ano 2020.
- É, ademais, a provincia de maior volume e peso en Galicia. Absorbe o 46% do total da comunidade neste oitavo mes do ano. Significa isto que no segundo mes do verán case a metade da demanda turística da comunidade localízase na provincia de Pontevedra.
- A nivel interno obsérvase que o 66% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 57%- e ás pensións –co 8% neste caso-. O 34% restante concéntrase nos apartamentos turísticos –co 7%-, nos cámpings –co 24%- e nos establecementos de turismo rural –co 3% neste caso-.

- A nivel de mercados obsérvase un comportamento semellante ao comentado para Lugo e Ourense. Neste mes os tres grandes segmentos superan os niveis do pasado ano mais soamente o turismo receptor nacional consegue superar tamén as cifras de 2019 –nun 6%-. O turismo interno e o internacional fican aínda por debaixo dos volumes previos á pandemia pero con diferentes niveis de recuperación. O mercado dos residentes en Galicia sitúase no 92% da demanda de agosto de 2019 mentres que o internacional acada só o 60% daquel ano.
- Co 71% do total das noites hoteleiras o turismo receptor nacional lidera o mercado en Pontevedra neste mes de agosto. O turismo interno absorbe o 18% mentres que o internacional apenas representa o 10% das noites na provincia.
- A estadía media neste segundo mes do verán mantense por debaixo do valor do pasado ano e tamén da cifra de 2019, situándose en preto de 3,2 noites.
- Neste contexto destaca o dato dos apartamentos turísticos, que rexistran unha media de 5,9 noites. Por encima das tres noites sitúanse os cámpings –concretamente con 3,7 noites-, mentres que as restantes modalidades colócanse ben xustamente nas tres noites –os hoteis e os establecementos de turismo rural- ou ben por debaixo dese nivel –as pensións, con 2,4 noites neste caso-.
- Os niveis de ocupación varían tamén de forma dispar neste mes. Todas as modalidades superan as porcentaxes do pasado ano mais soamente as pensións conseguen situarse tamén por encima dos niveis previos á pandemia –en algo máis de cinco puntos-. Os cámpings acadan niveis de ocupación parellos aos de 2019 mentres que as restantes tres tipoloxías fican por debaixo dos valores previos á pandemia –moi preto os hoteis, con case un punto de diferenza, e a maior distancia os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural –con catro e cinco puntos de diferenza neste caso, respectivamente-.
- Os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis alto da oferta regrada cun 76,9% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings e establecementos de turismo rural, con pouco máis do 50% en ambos casos.


Reparto da demanda turística regrada. Noites agosto2021



Variación da demanda turística regrada. Noites agosto21/19



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites agosto 2021



Variación da demanda por tipoloxías e provincia. Noites agosto 21/19

